

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 22 DE XULLO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSA

## ACORDOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e *Aceesca, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aceesca, polo importe máximo de cento noventa e un mil trescentos catorce euros con corenta céntimos (191.314,40 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines Amenceraspaces* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Amencer-Aspace e ao CEEPR Princesa Letizia, polo importe máximo de cento sesenta e un mil douscentos corenta e tres euros con oito céntimos (161.243,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e *Amigos, Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo, Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Amigos, polo importe máximo de cento corenta e oito mil novecentos catro euros con doce céntimos (148.904,12 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación de Padres de Personas con Trastorno do Espectro Autista (TEA) de la Provincia de A Coruña (Aspanaes)* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade aos CEEPR Aspanaes A Coruña, Aspanaes Duques de Lugo, Aspanaes Ferrol e Aspanaes As Pontes, polo importe máximo de catrocentos mil setecentos sesenta e tres euros con corenta e catro céntimos (400.763,44 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e *ASCM Ferrolterra, S.L.* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de sesenta e nove mil cincocentos noventa e dous euros con sesenta e seis céntimos (69.592,66 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace)* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspace, polo importe máximo de cento trece mil novecientos oitenta e dous euros con trinta céntimos (113.982,30 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex)* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Aspanaex, polo importe máximo de corenta e cinco mil trescentos vinte e nove euros con corenta e oito céntimos (45.329,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga)* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Lourdes, polo importe máximo de cento nove mil oitocentos sesenta e oito euros con setenta e dous céntimos (109.868,72 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación Autismo Bata* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Bata-Os Mecos, polo importe máximo de catorce mil noventa e cinco euros con oitenta e dous céntimos (14.095,82 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación Autismo Ourense* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Ilustre Mestre, polo importe máximo de trinta e tres mil douscentos sesenta e un euros con oito céntimos (33.261,08 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación Nuestra Señora de Chamorro* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Nuestra Señora de Chamorro, polo importe máximo de vinte e dous mil novecentos vinte e catro euros con sesenta e dous céntimos (22.924,62 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR HC San Rafael de Vigo, polo importe máximo de cincuenta e catro mil cincocentos trinta e tres euros con oitenta e seis céntimos (54.533,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e *I-LAB Centro Especial de Empleo, S.L.* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de noventa e sete mil trescentos noventa e oito euros con catro céntimos (97.398,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Fundación Menela* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Menela, polo importe máximo de noventa e seis mil trescentos catorce euros con dous céntimos (96.314,02 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación San Xerome Emiliani* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR San Xerome Emiliani, polo importe máximo de noventa e cinco mil setecentos noventa e nove euros con sesenta céntimos (95.799,60 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e a *Asociación Benéfica Social de Padres y Amigos La Esperanza del Valle Miñor* para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Juan María, polo importe máximo de sesenta e oito mil sesenta e oito euros con noventa e oito céntimos (68.068,98 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e *Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega*, para posibilitar o desprazamento de alumnado con discapacidade ao CEEPR Lenda Educativa, polo importe máximo de cento vinte e catro mil corenta e dous euros con oitenta céntimos (124.042,80 €).

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Sandiás para o peche e a ampliación do pavillón polideportivo de Sandiás, por importe total de trescentos noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con oitenta e seis céntimos (399.999,86 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do subprograma Juan de la Cierva (convocatoria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidade de 2022), por importe de cento corenta mil euros (140.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento das axudas Ramón y Cajal (convocatoria do Ministerio de Ciencia e Innovación de 2022), por importe dun millón douscentos noventa e seis mil euros (1.296.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia Galega de Innovación, a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Axencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas (M.P. CSIC), para instrumentar a concesión dunha subvención por parte da Axencia Galega de Innovación e fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco do programa Horizon Europe, por importe de trescentos mil euros (300.000 €).
- Acordo polo que se modifica a composición da Comisión Interdepartamental de I+D+i creada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de novembro de 2020 e modificada polos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 25 de novembro de 2021 e do 22 de novembro de 2022.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero en Galicia no exercicio 2023.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón dos beneficiarios da Resolución do 19 de xaneiro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrència competitiva, as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais, e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract*.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo para a posta en marcha do Hub de Información Cidadá da Xunta de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, por un orzamento de licitación (IVE incluído) de dous millóns trescentos cinco mil cincuenta euros (2.305.050 €) e un valor estimado de catro millóns cento trinta seis mil catrocentos euros (4.136.400 €).
- Acordo polo que se aproba o Protocolo da Xunta de Galicia para a protección ás persoas empregadas públicas vítima da violencia de xénero.

### CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Coristanco, para a execución das obras de humanización das prazas de Santo Antonio e Cruceiro, no lugar de Agualada, e a rúa e praza de San Roque, por un importe de trescentos trinta e cinco mil seiscientos trinta e cinco euros con setenta e cinco céntimos (335.635,75 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato da obra de construción dun edificio para 20 VPP, garaxes e rochos na parcela 702-polígono 52, no barrio San Eleuterio-Tameiga, no concello de Mos (Pontevedra).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, por un importe total de licitación de doce millóns cento e dezaoto mil douscentos cinco euros con vinte céntimos (12.118.205,20 €), exento de IVE, e un valor estimado de dezaoto millóns setenta mil cento dous euros con trinta e tres céntimos (18.070.102,33 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Ferrol, por un importe total de licitación de sete millóns seiscentos oitenta e dous mil seiscentos cincuenta e oito euros con tres céntimos (7.682.658,03 €) e un valor estimado de doce millóns novecentos sesenta mil cento cincuenta e un euros con cincuenta e dous céntimos (12.960.151,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario non urxente (ambulatorio e hospitalario) os pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un importe total de licitación de doce millóns trescentos setenta e catro mil douscentos oitenta euros con sesenta e sete céntimos (12.374.280,67 €), exento de IVE, e un valor estimado de dezaoto millóns cincocentos dezanove mil setecentos dous euros con cincuenta e dous céntimos (18.519.702,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de licitación de doce millóns corenta e catro mil trinta e dous euros con oitenta e dos céntimos (12.044.032,82 €), exento de IVE, e un valor estimado de vinte millóns catrocenos cincuenta e oito mil seiscentos oitenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (20.458.684,95 €) .
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario non urxente na Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un importe de trece millóns cento cincuenta e catro mil oitocentos oitenta e catro euros con oito céntimos, IVE exento (13.154.884,08 €), e cun valor estimado do contrato de vinte e dous millóns douscentos corenta e un mil cento noventa e cinco euros con trinta e cinco céntimos (22.241.195,35 €).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e hospitalario urxente da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por importe de dez millóns douscentos setenta e cinco mil catrocentos cinco euros con oitenta e seis céntimos (10.275.405,86 €) e un valor estimado de dezasete millóns catrocentos tres mil oitocentos un euros con vinte céntimos (17.403.801,20 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente da Área Sanitaria de Vigo, por un importe total de licitación de dezaseis millóns oitocentos noventa e nove mil trescentos un euro con seis céntimos (16.899.301,06 €) e un valor estimado de vinte e cinco millóns douscentos oitenta e seis mil seiscentos corenta e oito euros con vinte e oito céntimos (25.286.648,28 €).

## CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para superar a porcentaxe en pagamentos anticipados na Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, por un importe de nove millóns douscentos noventa e sete mil cento cincuenta euros con cincuenta e oito céntimos (9.297.150,58 €).
- Acordo polo que se toma razón do convenio suscrito entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela para a creación do portal estadístico Galestat a través do Centro de Estudos Cooperativos (Cecoop).
- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións do Programa de comercio circular e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da concesión de axudas á apicultura, convocadas ao abeiro da Orde do 7 de decembro de 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe sobre as medidas de apoio para o reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con elevado incremento poboacional estacional a través do Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2024.

#### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Informe sobre o inicio da elaboración do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe do balance de execución do III Plan de administración e Goberno dixital 2023.
- Informe de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia. 2º trimestre de 2024.
- Informe sobre a implementación do programa do Fondo de Transición Xusta 2021-2027.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a execución dos fondos do Marco estratéxico de atención primaria no ano 2023: balance de execución de 2023 e previsión de execución dos fondos asignados para 2024.

#### **CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

- Informe sobre o Proxecto Nós. Balance de execución.
- Informe sobre o Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026. Balance de execución.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA FACILITA O SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO AO ALUMNADO DE 17 ENTIDADES ESPECIALIZADAS NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

- O Consello autoriza a sinatura de addendas aos convenios de colaboración con 16 entidades, ás cales se suma o próximo curso o novo acordo coa sociedade cooperativa galega Lenda Educativa
- O orzamento para a prestación do servizo ascende a 1,8 M€, un 11 % máis que no curso anterior

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura das addendas para facilitar o transporte escolar adaptado ao alumnado de 16 entidades especializadas na atención á diversidade, cun orzamento superior a 1,7 millóns de euros que se achegarán ao longo do curso 2024/25. A esta medida súmase como nova beneficiaria a entidade de apoio a persoas con diversidade intelectual Sociedade Cooperativa Galega Lenda Educativa, coa que tamén se aprobou a formalización dun acordo para facilitarlle ao seu alumnado o uso do transporte adaptado. Neste caso o importe é de 124.000 euros.

Deste xeito, o importe global para a prestación deste servizo supera os 1,8 millóns de euros, un 11 % máis que o destinado o curso que vén de rematar, no cal se destinaran máis de 1,6 millóns de euros.

En concreto, asinaranse addendas aos convenios xa subscritos coa Asociación de Apoio a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), coa Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer–Aspace), coa Asociación para a Atención e Integración de Persoas con Discapacidade Intelectual, Autismo, Parálise-Dano Cerebral e as súas Familias (Amigos), con ASCM Ferrolterra, coa Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (Aspace), coa Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (Aspanaes), coa Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), coa Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), coa Asociación Autismo Bata, coa Asociación Autismo Ourense, coa Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos A Esperanza do Val Miñor, con Hogar y Clínica San Rafael de Vigo, con I-LAB Centro Especial de Emprego S.L., coa Fundación Menela, coa Asociación San Xerome Emiliani e coa Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

A través destes acordos, o Goberno galego faise cargo do 100 % do gasto derivado da prestación do servizo de transporte, incluído o apoio de persoas auxiliares. Pola súa banda, as asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado.

Os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de rehabilitación, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo estará adaptado ás necesidades horarias dos estudantes, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que necesitan. Os escolares beneficiados por esta acción presentan distintos tipos de discapacidade, polo que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

A colaboración acadada encádrase no compromiso da Xunta coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE SANDIÁS COLABORARÁN NO PECHE E NA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO A CARÓN DO COLEXIO**

- A obra terá un orzamento de case 400.000 €, dos que o Goberno galego achegará 180.000 €
- O obxectivo é mellorar os equipamentos públicos no rural, de tal xeito que sexan máis útiles a escolares e veciños

A Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Sandiás colaborarán no peche e na ampliación do pavillón polideportivo a carón do colexio desta localidade ourensá. A obra terá un orzamento de case 400.000 €, dos que o Goberno galego achegará 180.000 € a través das consellerías de Presidencia, Xustiza e Deportes e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo de colaboración entre as devanditas institucións para acometer esta actuación, que ten como obxectivo mellorar os equipamentos públicos deste concello rural, de tal xeito que sexan máis útiles a escolares e veciños.

Na actualidade, a pista polideportiva dispón dunha sinxela cuberta a dúas augas montada sobre unha estrutura de pórticos metálicos. A obra planificada prevé o seu peche perimetral e a súa ampliación pola parte sueste coa finalidade de dotar a instalación de vestiarios, ximnasio e aseos.

A Deputación Provincial de Ourense será a encargada de contratar e executar as obras, para as cales achegará a contía de 110.000 €. Pola súa parte, o Concello de Sandiás, entidade titular do polideportivo, achegará a contía de 109.999,86 €.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE 1,7 M€ A COFINANCIAR A CONTRATACIÓN DE 50 CIENTÍFICOS NAS UNIVERSIDADES COS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL E JUAN DE LA CIERVA

- O Consello autoriza os convenios a través dos cales a Consellería de Educación asume os gastos de incorporación a tempo completo destes investigadores
- Así mesmo, reforza o apoio aos aspirantes ás axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) para incrementar as súas posibilidades de éxito
- Esta acción enmárcase dentro das liñas estratéxicas do Goberno galego de captación, formación e retención do talento no Sistema universitario de Galicia

A Xunta de Galicia achegará máis de 1,7 millóns de euros ás tres universidades públicas galegas para a incorporación dun total de 50 científicos dos programas Ramón y Cajal e Juan de la Cierva que traballarán como investigadores nos campus universitarios de Galicia nos próximos anos, sen que iso supoña ningún custo adicional para as arcas dos organismos universitarios. Así mesmo, o Consello autoriza a subscripción dun convenio coas tres universidades galegas e co CSIC para reforzar a actividade do persoal investigador que chegou á fase final das convocatorias de axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) para incrementar as posibilidades de éxito en vindeiras edicións.

En concreto, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a dous convenios de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, segundo o cal o Goberno autonómico cofinancia a contratación de 36 científicos cunha traxectoria destacada e alto potencial investigador, beneficiarios do subprograma estatal Ramón y Cajal, e outros 14 investigadores do programa Juan de la Cierva. Grazas ao apoio da consellería, as universidades públicas poderán contratar os candidatos seleccionados a tempo completo durante os anos que duren estes programas e coas condicións establecidas neles.

Ademais, o Goberno galego tamén apoia o fomento da actividade de seis investigadores finalistas das axudas do Consello Europeo de Investigación no marco do programa Horizon Europe. Esta iniciativa busca impulsar a actividade dos investigadores que chegaron á fase final deste programa do ERC pero non obtiveron apoio, para axudalos co fin de perfeccionar os seus proxectos e obter mellores resultados en vindeiras convocatorias.

#### **Programa Ramón y Cajal**

O obxectivo das axudas Ramón y Cajal é promover a incorporación de persoal investigador nacional e estranxeiro cunha traxectoria destacada e brillante en centros de I+D. Ao abeiro do convenio autorizado hoxe, o Goberno galego destina un total de 1.296.000 € a financiar a contratación de 36 investigadores deste programa Ramón y Cajal por parte das tres universidades galegas, a razón de 14 na USC, 12 na UVigo e 10 na UDC.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Educación paga os custos de persoal que non ten financiamento na convocatoria estatal para que a súa contratación non lle supoña gasto ningún ás universidades públicas galegas. O acordo abrangue todo o período de vixencia do contrato (cinco anos), cunha contía por contrato de 36.000 €, a razón de 6.000 €/ano por persoa contratada durante os tres primeiros anos e 9.000 €/ano durante os dous seguintes anos.

### **Programa Juan de la Cierva**

O Consello tamén aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e as tres universidades públicas galegas ao abeiro do cal financia con 140.000 euros a captación do talento de 14 investigadores (oito na USC, catro na UVigo e dous na UDC) a través do programa Juan de la Cierva na modalidade de formación.

A Consellería paga os custos de persoal que non ten financiamento público por parte do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades para que tampouco lle supoña gasto ningún ás universidades. Os contratos Juan de la Cierva teñen unha duración de dous anos. A Xunta aboará 5.000 euros por contrato ao ano.

A finalidade é incentivar as universidades galegas para que se presenten á convocatoria deste programa Juan de la Cierva, sabendo que non teñen que pagar a parte que non financia o ministerio. Asemade, foméntase a contratación de mozas e mozos doutores por un período de dous anos, para que completen a súa formación investigadora posdoutoral.

### **Programa ERC**

Finalmente, na reunión semanal do Consello tamén se acordou destinar 300.000 euros a un convenio coas universidades públicas galegas, así como co CSIC, para seguir fomentando a actividade investigadora de candidatos que resultaron finalistas nas últimas axudas adxudicadas polo Consello Europeo de Investigación (ERC) e que non obtiveron financiamento. Así, búscase que desenvolvan actividades que melloren o seu proxecto de investigación para incrementar as súas posibilidades de obter a axuda do ERC en vindeiras convocatorias. Os candidatos finalistas pretenden: tres a USC, un a UDC, un a UVigo e outro a Misión Biolóxica de Galicia do CSIC, contando cada beneficiario cun total de 50.000 euros repartidos en dúas anualidades.

O obxecto desta iniciativa, enmarcada no programa Oportunius, é reter e captar talento a través de investigadores excelentes para crear emprego de calidade e retornos en termos de coñecemento e competitividade científica e económica.

Concretamente, os programas xestionados polo ERC apoian o mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigacións en calquera dos 27 Estados membros da UE e os seus países asociados. Para tal fin, o ERC conta con diferentes tipos de axudas e, deste xeito, o investigador contratado da UDC está subscrito ao programa europeo ERC Starting Grants, mentres que o de Vigo e do CSIC

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

son do ERC Consolidator Grants. Dous científicos da USC participan no programa ERC Synergy Grant e outro no ERC Starting Grants.

Desde a posta en marcha do programa Oportunius no 2014 achegouse un total de 7,6 M€ en apoios a investigadores finalistas e ganadores de axudas do Consello Europeo de Investigación e concedéronse 37 apoios a 27 investigadores finalistas das axudas deste. Cabe destacar que cinco investigadores do elenco de finalistas acadaron posteriormente a axuda do ERC.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA DESTINOU O ANO PASADO 5,6 MILLONS DE EUROS ÁS AXUDAS PERIÓDICAS MENSUAIS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E BENEFICIOU A 678 MULLERES**

- As achegas oscilan entre os 200 e os 800 euros ao mes, e concédense de maneira ininterrompida por un período máximo dun ano
- Máis do 70 % das beneficiarias eran de nacionalidade española e tiñan menos de 46 anos; máis da metade tiñan un ou máis fillas ou fillos ao seu cargo e o 75% eran desempregadas
- Na convocatoria deste ano 2024, que segue aberta, lévanse outorgadas 376 axudas
- Desde o ano 2009, o Executivo autonómico destinou 52 millóns de euros a esta prestación que recibiron un total de 6.720 mulleres

A Xunta de Galicia concedeu no ano 2023 un total de 678 axudas periódicas mensuais a mulleres vítima de violencia de xénero, un 19 % máis que o exercicio pasado, o que alcanza un total de 5,6 millóns de euros de fondos propios. O Consello analizou os resultados deste programa, que pretende ofrecer un alivio inmediato que lles permita ás mulleres acadar a independencia financeira dos seus agresores, superando a que é unha das principais barreiras coas que se enfrontan as vítimas ao tentar deixar o seu maltratador.

Estas achegas concédense de maneira ininterrompida por un período máximo de doce meses. A súa contía oscila entre os 200 e os 800 euros ao mes, en función dos ingresos, das fillas ou fillos menores a cargo ou de se estes teñan algunha discapacidade. Para recibir esta prestación, as mulleres beneficiarias deben demostrar que están a sufrir violencia de xénero con documentos como ordes de protección, sentenzas xudiciais ou outros informes das autoridades competentes.

En canto ao perfil das mulleres que o ano pasado recibiron esta prestación periódica, hai que sinalar que máis do 70 % eran de nacionalidade española e tiñan menos de 46 anos; case o 55 % tiñan un ou máis fillas ou fillos ao seu cargo e máis do 75% eran desempregadas.

#### **Convocatoria aberta**

No primeiro semestre deste ano concedéronse 376 axudas. A convocatoria segue aberta, posto que poden solicitarse en calquera momento do ano e están dirixidas ás vítimas de violencia de xénero que racharan a súa convivencia co agresor no último ano, ás vítimas de trata con fins de explotación sexual e ás vítimas de violencia vicaria.

Os requisitos para recibir esta prestación periódica mensual son: ser maior de idade, estar empadroada e ter residencia en Galicia (ou permiso de residencia no caso das estranxeiras), dispoñer duns ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do Iprem e non ter recibido esta axuda con anterioridade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No período de 2009 a 2023, o Goberno galego destinou 52 millóns de euros para o mantemento destes pagamentos mensuais e multiplicou por tres o orzamento destinado para este fin. Nos últimos 15 anos, incluíndo a convocatoria de 2024 que segue aberta, un total de 6.720 mulleres vítima de violencia de xénero recibiron esta axuda da Xunta.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DESTINA 4 M€ PARA A MELLORA DA COMPETITIVIDADE DA INDUSTRIA FORESTAL GALEGA E DO *CONTRACT* COA CONCESIÓN DE PRETO DUN CENTO DE AXUDAS

- O Goberno galego contribúe á consolidación das pemes que forman parte do sector que contarán con apoios dirixidos á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral
- A convocatoria este ano, en réxime de concorrencia competitiva, incluía como novidade a simplificación dos trámites administrativos e a incorporación de dúas novas liñas: unha destinada a apoiar proxectos de dixitalización e outra para impulsar iniciativas centradas na ecoinnovación
- Os apoios enmárcanse na Axenda de Impulso Forestal-Madeira que, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, ten como obxectivo poñer en valor a industria e impulsar a súa modernización

O Consello da Xunta deu conta esta mañá da resolución da orde de axudas para a valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e a dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal galega e do *contract*. A medida que impulsa o Goberno galego a través da Axencia Galega das Industrias Forestais, agora dependente da Consellería de Economía e Industria, permitirá mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas que conforman o sector ao mesmo tempo que se aposta por procesos de produción con menos impacto ambiental.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, permitirá impulsar oitenta e oito iniciativas nas seis liñas subvencionables, das que dúas son novidade esta edición. Deste xeito, aos apoios para a mellora da competitividade e a valorización, mobiliario, *contract* e construción; certificacións, ensaios e informes, e seguridade e saúde na contorna laboral, únense as liñas para proxectos de dixitalización e para ecoinnovación.

A diferenza das anteriores convocatorias, a deste ano inclúe medidas de simplificación administrativa, xa que a maior parte da información se elimina mediante unha declaración responsable dos solicitantes que se incorpora no propio anexo da solicitude.

#### **Proxectos beneficiados**

Máis polo miúdo, o Goberno galego subvencionará dezanove iniciativas na liña 1 Competitividade e innovación para actuacións como a compra de maquinaria, as obras e instalacións necesarias para a correcta instalación e funcionamento dos investimentos obxecto da subvención, entre outros.

No marco da liña 2 Mobiliario, *contract* e construción resultaron beneficiadas vinte e unha iniciativas para a compra de maquinaria, neste caso, a vinculada ao deseño e á fabricación de mobiliario e de elementos para a construción. A maiores, subvencionarán

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

outros bens de equipamento novos que formen parte do activo da empresa e interveñan no proceso produtivo obxecto do proxecto.

Na liña 3 Dixitalización concedéronse vinte e nove apoios para apoiar proxectos de dixitalización das persoas beneficiarias desde a implantación de sistemas de dixitalización, xa sexa dalgún proceso concreto ou de xestión integral especificamente deseñados, desenvolto ou adaptados a un proceso concreto dentro do seu ámbito de actividade ata implantar sistemas para o control e/ou a mellora dos sistemas produtivos. Nomeadamente, a sistemas de captura de datos, automatización ou supervisión remota, entre outros.

A liña 4 Certificacións, ensaios e informes, conta con sete proxectos beneficiados para a implantación e certificación da cadea de custodia de produtos forestais, de normativas de calidade e de xestión ambiental; mentres que a liña 5 Seguridade e saúde na contorna laboral permitirá o desenvolvemento de dez proxectos para a implantación e certificación do estándar en seguridade para a creación, mellora e expansión de servizos de prevención mancomunados e medidas orientadas á minimización do risco de orixe e propagación de incendios, entre outros.

Finalmente, a liña 6 Ecoinnovación subvencionará dúas iniciativas. Cómpre lembrar que esta liña está dirixida a apoiar proxectos destinados a ecodeseñar produtos ou materiais que utilicen a madeira como materia prima, para conseguir desenvolvementos técnicos ou prototipos que melloren a pegada ambiental ao longo do ciclo de vida. Tamén ten como obxectivo impulsar aqueles proxectos ou solucións de economía circular, encamiñados a previr o malgasto e recuperar o máximo valor dos materiais ou a introducir ferramentas para a análise dos aspectos ambientais que lle permitan á empresa identificar e, nalgúns casos, cuantificar os impactos ambientais asociados ás distintas fases do ciclo de vida en procesos produtivos vinculados coa madeira.

Esta orde de axudas enmárcase na Axenda de Impulso Forestal-Madeira que, deseñada conxuntamente cos principais axentes do sector, ten como obxectivo potencialo e impulsar a súa modernización, a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA APROBA O PROTOCOLO PARA A PROTECCIÓN ÁS PERSOAS EMPREGADAS PÚBLICAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

- A iniciativa conta co voto favorable de todas as organizacións sindicais da Mesa Xeral e será aplicada ás persoas empregadas públicas da Administración xeral da Xunta e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico
- Ademais de dar apoio ás vítimas e protexelas no ámbito laboral, o protocolo facilitaralles a estas traballadoras a súa continuidade laboral e informaraas das medidas acordadas no Plan de igualdade
- Recolle tamén os pasos a seguir polo Servizo de Persoal da consellería a que pertence a vítima no prazo máximo de 48 horas

A Xunta de Galicia aprobou hoxe, na reunión do Consello, o Protocolo da Administración autonómica para a protección ás persoas empregadas públicas vítimas de violencia de xénero. A iniciativa conta co voto favorable de todas as organizacións sindicais da Mesa Xeral e será aplicada ás persoas empregadas públicas da Administración xeral da Xunta e ás entidades públicas instrumentais do sector público autonómico: organismos autónomos, axencias públicas autonómicas, entidades públicas empresariais e consorcios autonómicos.

Ademais de dar apoio ás vítimas de violencia de xénero e protexelas no ámbito laboral, o protocolo facilitaralles tamén a estas traballadoras a continuidade laboral, ademais de informalas das medidas acordadas no Plan de igualdade, así como das dispostas na normativa legal vixente e daquelas que sexan adecuadas para o seu apoio.

Así mesmo, promoverá unha cultura de tolerancia cero na Administración xeral da Xunta e sensibilizará os traballadores para conseguir a igualdade efectiva entre mulleres e homes, ademais de establecer o procedemento de comunicación e as garantías de confidencialidade, intimidade e dignidade da vítima.

O protocolo recolle os pasos a seguir ante a comunicación dunha situación de violencia de xénero. Así, o servizo de persoal da consellería a que pertence a vítima realizará unha serie de actuacións no prazo máximo de 48 horas: informará e asesorará a persoa afectada, entrevistarse con ela para informala das medidas laborais e sociais previstas no protocolo, así como dos dereitos para acollerse inmediatamente a elas; acompañaraa en todo o proceso e guíaraa na solicitude dos seus dereitos.

O documento reflicte ademais as medidas xa establecidas tanto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, como no Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico. Medidas entre as cales figuran: o traslado do posto de traballo, a posibilidade de redución da xornada de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballo, horario flexible por razón da conciliación da vida persoal e familiar ou a posibilidade do teletraballo. E sempre garantindo a confidencialidade da vítima.

Por último, este o protocolo contará cunha comisión de seguimento.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA UNIFICARÁ NUN ÚNICO ESPAZO DIXITAL TODA A INFORMACIÓN DAS XESTIONS DA CIDADANÍA COA ADMINISTRACIÓN

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que este servizo estará operativo “no segundo semestre de 2025”
- Os galegos e as galegas poderán consultar a situación de todos os seus trámites a través de carpeta cidadá e actualizar os seus datos nun punto único
- Calvo destaca que “o 86 % dos trámites coa Xunta son xa electrónicos” e só en 2023 se crearon na carpeta cidadá máis de 800.000 expedientes correspondentes a 474 procedementos distintos

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que a Xunta vai destinar 5 millóns de euros á posta en marcha dun nodo de datos cidadá que concentrará toda a información sobre o cidadán e as súas relacións coa administración nun único punto. Aplicará tecnoloxías intelixentes para simplificar o acceso a toda Administración dixital e facilitar servizos adaptados ás necesidades de cada persoa, se así o autorizan.

O desenvolvemento deste novo espazo dixital permitiralle á Administración ter unha visión unificada e completa dos datos xerados polas persoas nas súas relacións coa Administración e facilitaralles aos galegos e galegas as súas xestións en liña coa Administración, simplificando o acceso aos servizos dixitais desde un único punto, así como as consultas sobre o estado dos trámites ou a modificación dos seus datos.

Con este obxectivo, a carpeta cidadá da sede electrónica evolucionará para converterse no punto de acceso a todos os trámites dos cidadáns coa Administración e o lugar en que atoparán toda a información relativa a eles, independentemente do departamento ou da unidade con que os xestione. Deste xeito, os cidadáns poderán realizar actualizacións dos seus datos unha soa vez, evitando ter que comunicalo a diferentes departamentos.

Ademais, esta iniciativa avanza na identificación dixital da cidadanía, poñendo en marcha un rexistro único que permitirá unha identificación unívoca do cidadán, independentemente do sistema que empregue (Chave 365, Cl@ve, certificado dixital, DNIe) ou do departamento co que realice a xestión.

O contrato, que conta con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-financiado pola Unión Europea-NextgenerationEU, licitarase nos vindeiros días cun valor estimado de 5.005.044 euros. “A previsión é que as primeiras funcións da nova plataforma estean en funcionamento no segundo semestre de 2025”, indicou Calvo.

### **Carpeta cidadá e Administración dixital**

Esta iniciativa enmárcase no III Plan de Administración e Goberno dixital 2025, que busca achegar a Administración á cidadanía e impulsar servizos máis proactivos. Os avances na dixitalización reflíctense no uso dos servizos dixitais por parte da cidadanía. Tal e como explicou Calvo, o pasado ano creáronse na carpeta cidadá “máis de 800.000 expedientes”

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

correspondentes a 474 procedementos distintos, de acordo cos datos do balance de execución do III Plan de Administración e Goberno dixital. No mesmo período foron incluídos na carpeta tres novos servizos que ofrecen unha atención personalizada no marco do deseño do novo modelo do nodo de datos cidadáns.

Ademais, o sistema de identificación mediante Chave365 está a ser utilizado “por máis de 1,5 millóns de persoas”. Hai tamén máis de 9.000 persoas que recorreron ao Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) para autorizar alguén para facer no seu nome os trámites administrativos.

En total, o rexistro electrónico recibiu en 2023 cerca de 1,5 millóns de solicitudes, escritos ou comunicacións de parte de preto de medio millón de persoas distintas, o que indica que “o 86% das solicitudes que se presentan no rexistro xa se fan de forma telemática”.

A través da sede electrónica realizáronse máis de 63.000 pagamentos de taxas asociados á presentación de trámites.

A Xunta puxo á disposición das persoas interesadas máis de 1,7 millóns de notificacións, das que preto de 1,2 millóns foron exclusivamente electrónicas. As persoas que recibiron estas notificacións foron máis de 580.000.

En 2023 incorporáronse na Administración máis de 27 millóns de documentos electrónicos e creáronse máis de 641.000 expedientes de 530 procedementos distintos.

O balance tamén destaca que, desde a súa saída en 2023, a aplicación XuntaEu, que concentra as relacións da Administración coa cidadanía a través de dispositivos móbiles, foi descargada por máis de 29.000 persoas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O ACORDO CO CONCELLO DE CORISTANCO PARA A HUMANIZACIÓN DAS PRAZAS DE SANTO ANTONIO E CRUCEIRO, E A RÚA E A PRAZA DE SAN ROQUE**

- As intervencións suporán un investimento de máis de 335.000 euros e forman parte do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70 % do orzamento, que rolda os 235.000 €, contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30 % restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- O Goberno galego segue apostando polo desenvolvemento dos núcleos rurais como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio

O Consello da Xunta acaba de autorizar o acordo de cooperación suscrito entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Coristanco para a realización de obras de humanización de distintas prazas do municipio coruñés, que suporán un investimento de 335.635 euros.

A intervención obxecto deste convenio da Xunta enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, sendo neste caso o obxectivo a humanización das prazas de Santo Antonio e Cruceiro, no lugar de Agualada, e a rúa e a praza de San Roque.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións, achegando un investimento que rolda os 235.000 euros, contratará e executará as obras.

O Concello de Coristanco achegará o 30 % restante do custo das actuacións, preto de 101.000 euros; redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

A través das intervencións previstas no convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico trátase de acadar a unificación dos espazos e melloras na accesibilidade, así como a substitución dos elementos danados.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **As actuacións**

En concreto, con respecto ás dúas actuacións que se van levar a cabo no lugar de Agualada, e comezando pola intervención na praza de Santo Antonio, as obras proxectadas pretenden unificar a praza, polo que se eliminará o paso existente que divide a zona da fonte coa igrexa, utilizando o mesmo pavimento de pedra existente no resto da praza e dándolle un acabado uniforme a todo o conxunto. Substituiranse as baldosas danadas e recolocaranse as árbores existentes no lado da fonte para un mellor acceso á praza.

Na intervención da praza do Cruceiro, o obxectivo é realizar unha única plataforma que integre o colexio coa zona de xogos infantís, creando unha zona preferentemente peonil e facilitando a accesibilidade da zona coa desaparición das estreitas beirarrúas, deste xeito crearase un espazo máis amplo. O acceso rodado será nunha única dirección.

Ademais, nesta praza está prevista a plantación de árbores e a colocación de farois ao longo da devandita plataforma, e crearase unha zona de aparcamento. Colocarase un valado sobre o muro existente na zona de xogos e eliminarase o risco de caída. A obra completárase coa retirada e o soterramento da cablaxe, e a recollida das augas pluviais ao final da rúa mediante un canlón conectado á rede existente.

Xa na rúa e na praza de San Roque, a intervención prevista persegue dar un mellor acceso á praza desde o centro do pobo, para o que se ampliarán as beirarrúas no inicio da rúa de actuación, mellorando así a accesibilidade.

Neste caso, prevese que o sentido de circulación de vehículos na praza sexa único. Colocarase iluminación pública, unificaranse os paseos e recolocaranse bancos, farois e papeleiras existentes na zona. Tamén se regularizará o acceso á zona de xogos para dar uniformidade ao conxunto e realizaranse as marcas viarias da zona existente de aparcamentos ao redor da praza. Ademais, delimitarase un carril bici ao lado oposto aos aparcamentos.

Todas estas actuacións perseguen, tamén, adaptar as condicións dimensionais, os acabamentos e os servizos urbanos ás ordenanzas municipais do concello.

Baixo este acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta de Galicia segue impulsando a continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como este Plan Hurbe, o Goberno galego contribúe a promover o desenvolvemento dos núcleos rurais da comunidade como motores de dinamización, ao convertérense en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA ACORDA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE 20 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO DE SAN ELEUTERIO-TAMEIGA, EN MOS, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 4,1 M€**

- O Goberno galego licitará nas vindeiras semanas estas 20 vivendas, con 29 prazas de garaxe e 20 rochos, co obxectivo de rematalas en 2026
- A edificación constará dunha planta de soto, planta baixa e tres plantas altas, organizando as vivendas e os diversos espazos comunitarios arredor de dous patios centrais, que permiten a entrada de luz natural e melloran a ventilación das vivendas
- A Xunta traballa na mellora da situación do mercado da vivenda e na Estratexia de vivenda pública e protexida que, nesta lexislatura, duplicará o parque público ata as 8.000 vivendas e desenvolverá solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da licitación do contrato da obra de construción dun edificio para 20 vivendas de promoción pública no barrio de San Eleuterio-Tameiga, no concello de Mos, na cal a Administración autonómica investirá máis de 4,1 millóns de euros.

A contratación desta actuación impulsada polo Goberno galego permitirá a construción dun edificio de nova planta para destinalo a 20 vivendas protexidas, unha delas adaptada, con 29 prazas de garaxe e 20 rochos. A nova promoción pública neste municipio pontevedrés localízase na parcela 702 do polígono 52 do barrio de San Eleuterio-Tameiga.

O edificio obxecto deste novo contrato constará dunha planta de soto, planta baixa e tres plantas altas.

En concreto, a planta soto, con acceso desde a vía A do polígono de San Eleuterio, destinarase a 20 prazas de garaxe, 20 rochos e cuartos de instalacións. Haberá outras nove prazas de aparcamento en superficie.

Na planta baixa situarase o portal, catro vivendas (unha delas adaptada a persoas con mobilidade reducida), un núcleo de comunicación vertical, instalacións e un patio.

Nas plantas primeira a terceira distribuiranse os restos das vivendas, catro na primeira planta e seis nas plantas superiores. As nove prazas de garaxe restantes sitúanse en superficie, dentro da propia parcela da edificación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En conxunto, a edificación organizará as vivendas e os diversos espazos comunitarios arredor de dous patios centrais que permiten a entrada de luz natural e melloran a ventilación das vivendas á vez que se favorece a relación co espazo exterior.

En canto ao programa das vivendas, das 20 vivendas proxectadas, dúas disporán de catro dormitorios, cunha superficie útil de 117,42 m<sup>2</sup>; 14 vivendas contarán con tres dormitorios (unha delas adaptada a persoas con mobilidade reducida), cunha superficie útil que oscilará entre os 95,22 m<sup>2</sup> e os 114,78 m<sup>2</sup>; ás que se engadirán outras catro vivendas de dous dormitorios, cunha superficie útil de 69,87 m<sup>2</sup>.

Este proxecto cumpre o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos que se reflicten no dito decreto.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé licitar as obras na vindeiras semanas e o obxectivo será poder rematalas en 2026.

### **Aposta pola vivenda protexida**

O Goberno galego mantén o seu compromiso para reforzar o parque residencial de toda Galicia.

Ademais, a Xunta de Galicia continúa avanzando no seu compromiso da mellora da situación do mercado da vivenda e na Estratexia de vivenda pública e protexida que prevé, nesta lexislatura, duplicar o parque público ata chegar ás 8.000 vivendas e desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE UN TOTAL DE 84,5 M€ NA CONTRATACIÓN DO TRANSPORTE SANITARIO TERRESTRE NON URXENTE E HOSPITALARIO URXENTE DAS SETE ÁREAS SANITARIAS**

- Está previsto que estes contratos permitan realizar 979.000 servizos anuais no conxunto das áreas sanitarias
- Entre os servizos que se realizarán están o transporte interhospitalario para probas e consultas, as altas e os ingresos hospitalarios, os traslados urxentes interhospitalarios ou os traslados de tratamentos e consultas programadas
- Nas contratacións establécese a obrigatoriedade do cumprimento do Convenio colectivo galego de transporte sanitario, así como de ofrecerlles aos traballadores un emprego estable e de calidade
- Nestes contratos inclúense, entre outros incentivos, melloras das condicións salariais dos traballadores de acordo co V Convenio colectivo galego de transporte sanitario
- Todos os servizos de transporte sanitario dos pacientes destas áreas sanitarias deberán realizarse no menor tempo posible, pola ruta máis adecuada e nas mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para os doentes

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación dos servizos de transporte sanitario terrestre non urxente (ambulatorio e hospitalario) e o hospitalario urxente das sete áreas sanitarias de Galicia, por un importe total de licitación de 84.548.765 euros e un período de duración de 24 meses. Os novos contratos supoñen un incremento global de 23 millóns de euros con respecto aos contratos actualmente vixentes.

En concreto, a licitación desta modalidade de transporte para a Área Sanitaria da Coruña e Cee acada a cifra de 10.275.405 euros e prevé un total de 36 ambulancias; a da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos ascende a 12.374.280 euros e un total de 50 ambulancias; a de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras é de 13.154.884 euros, con 62 ambulancias; a licitación de Pontevedra e O Salnés acada os 12.118.205 euros e prevé 43 ambulancias; a de Santiago de Compostela e Barbanza supón un importe de 12.044.032 e recolle a disposición de 45 ambulancias; a de Vigo acada a cifra de 16.899.301 e 75 ambulancias; e a de Ferrol é de 7.682.658 euros e de 31 ambulancias.

O valor estimado destes contratos, atendendo á posibilidade de prórroga por un período de 12 meses, ascende a preto de 135 millóns de euros.

A finalidade destas contratacións é a consecución dos máximos niveis de eficiencia na prestación deste transporte sanitario, establecendo os protocolos e procedementos que se consideren necesarios para a consecución de tal fin.

Os servizos que se van realizar serán o transporte interhospitalario para probas e consultas, as altas e os ingresos hospitalarios, os traslados urxentes interhospitalarios, os traslados de tratamentos e consultas programadas, e os traslados fóra da

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Comunidade Autónoma como consecuencia da asistencia sanitaria en centros referentes a nivel nacional en certas patoloxías, técnicas ou tratamentos.

Son os criterios médicos os que determinarán mediante prescrición que pacientes son os usuarios das ambulancias asistenciais ou non asistenciais e as características técnicas e o equipamento sanitario preciso en función das necesidades do doente.

### **979.000 servizos anuais**

O número de servizos estimados totais nestas contratacións no conxunto das sete áreas sanitarias ascende aos 979.000 anuais, dos que 131.000 corresponden á Área Sanitaria da Coruña e Cee; 155.000 na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; 130.000 na de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; 101.000 na de Pontevedra e O Salnés; 127.000 na de Santiago de Compostela e Barbanza; 260.000 na de Vigo e 75.000 na de Ferrol.

Cómpre remarcar nestes contratos a inclusión das melloras das condicións económicas dos traballadores de acordo co V Convenio colectivo galego de transporte sanitario que inclúe actualizacións dos salarios (13 % para os anos 2023, 2024 e 2025), ademais de redución horaria de 8 horas en 2024 e outras 16 horas en 2025. Así mesmo, recóllese un aumento das axudas de custo, da gratificación de transporte e das retribucións de festivos e días especiais, entre outros incentivos.

Así mesmo, nas contratacións establécese a obrigatoriedade do cumprimento do convenio colectivo galego de transporte sanitario e de ofrecerlles aos traballadores un emprego estable e de calidade, ademais de protexelos fronte aos accidentes e riscos laborais, asegurando todas as medidas de protección e prevención, proporcionando a subministración dos equipamentos necesarios e promovendo as condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

Todos os servizos de transporte sanitario dos pacientes destas áreas sanitarias deberán realizarse no menor tempo posible, pola ruta máis adecuada e nas mellores condicións técnico-sanitarias e de confort para os doentes. Para conseguir este obxectivo, as empresas adxudicatarias deberán levar a cabo xuntanzas periódicas co servizo designado polo Servizo Galego de Saúde co fin de planificar as rutas máis idóneas.

As ditas rutas adaptaranse en función das localidades e dos domicilios dos pacientes e aos horarios de recollida, tratamentos e presenza dos enfermos nos centros sanitarios e na súa localización.

Cada unha das ambulancias notificará vía telemática, a tempo real, todos os cambios de estado e os tempos solicitados. A comunicación dos pacientes trasladados realizarase mediante un sistema de lectura da tarxeta sanitaria, no suposto de que non poida utilizarse este sistema, os datos do paciente deberán ser mecanizados igualmente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA REFORZA A COOPERACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA CONTRATAR 500 PERSOAS E FACILITAR A SÚA EMPREGABILIDADE NO SECTOR DOS SERVIZOS SOCIAIS**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria destas achegas por valor de case 9,3 millóns de euros, o que supón unha suba superior ao 9 % en relación coa do exercicio anterior, atendendo ao aumento da demanda de traballadores neste eido
- Polo tanto, este novo programa de cooperación aposta pola formación nun sector con potencial para crear traballo, enmárcandose na aposta do Goberno autonómico por políticas activas de emprego axustadas ás necesidades do territorio galego
- As entidades sociais beneficiarias destes apoios deben ter como a súa actividade principal o fomento de accións destinadas á inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, servizos comunitarios, maiores, mulleres ou infancia
- Teranse en conta as entidades que desenvolvan proxectos singulares, aquelas que prestan servizos a outras asociacións, colectivos con máis dunha área de actuación autonómica e as que teñen máis de 100 profesionais no seu cadro de persoal

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria de axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a contratación de persoas sen emprego en entidades sen ánimo de lucro. Unha iniciativa coa que o Goberno galego busca incrementar as oportunidades laborais das galegas e dos galegos a través da adquisición da experiencia profesional fomentando, ademais, a súa inserción nun sector, o dos servizos sociais, cada vez máis demandado pola sociedade, precisando a formación de traballadores que cubran estas necesidades.

Nesta liña, a orde deste ano conta cun orzamento de case 9,3 millóns de euros, o que supón unha suba superior ao 9 % en relación co do exercicio anterior, e sairá publicada nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia*. A través deste novo programa de cooperación, a Administración galega estima que se poderán contratar unhas 500 persoas desempregadas en 180 entidades inscritas como de iniciativa social no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

As entidades sociais beneficiarias destes apoios deben ter como a súa actividade principal o fomento de accións específicas para a inserción de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social, servizos comunitarios, maiores, familia, mulleres ou infancia. Así mesmo, deberán garantir a contratación a tempo completo durante nove meses das persoas desempregadas ou 12 meses a tempo parcial.

Dos case 9,3 millóns de euros destinaranse prioritariamente 3 millóns á contratación de persoas desempregadas nos denominados proxectos singulares, desenvolvidos por

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entidades que prestan servizos a outras, a colectivos con máis dunha área de actuación a nivel autonómico ou con máis de 100 profesionais nos seus cadros de persoal.

A Xunta estima que cada unha das entidades que resulten beneficiarias na convocatoria deste ano percibirá un importe medio de máis de 50.600 euros, uns 18.200 euros por persoa traballadora contratada. Grazas a estas achegas, o Goberno galego apoiou no último trienio -2021-2023- a contratación de máis de 1.700 persoas sen emprego en preto de 600 entidades sen ánimo de lucro.

### **Compromiso cos colectivos con dificultades de inserción**

É unha prioridade do Goberno galego deseñar e aplicar políticas activas orientadas á atención a colectivos específicos con especiais dificultades de inserción, atendendo ás necesidades do territorio. Esta orde de axudas reflicte que a Xunta conta coa colaboración das entidades sen ánimo de lucro para contribuír ao desenvolvemento, aproveitamento e potencial económico, social e cultural da comunidade e favorecer a creación de emprego mediante a prestación de servizos de interese xeral e social.

A medida forma parte da aposta do Executivo autonómico por mellorar a empregabilidade das persoas desempregadas de Galicia no seo da colaboración institucional e do Diálogo Social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais da comunidade.

No ámbito do apoio á contratación para os colectivos con máis dificultades para atopar un traballo, a Xunta ten en marcha este ano os plans Emprega dirixidos á muller, á mocidade e ás persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DE GALICIA DESTINA 1,2 M€ AO PROGRAMA DE COMERCIO CIRCULAR PARA POTENCIAR A TRANSFORMACIÓN SOSTIBLE DO COMERCIO E IMPULSAR A PEMES E OS AUTÓNOMOS DO TÉXTIL**

- O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, enfocada á transformación dun modelo de negocio máis responsable e sustentable, incorporando a sostibilidade como vantaxe competitiva
- Como principal novidade, este ano introdúcese tamén os programas Avanza Têxtil e Re-circular para impulsar os pequenos produtores con marca propia e fomentar o uso de materias primas e tecidos sostibles na súa produción
- A orde busca fomentar o comercio circular, impulsando o uso eficiente das embalaxes, promovendo o emprego de materiais reciclados e reutilizables ou diminuindo os residuos xerados, ademais de favorecer a concienciación do propio sector

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que ten como obxectivo potenciar a transformación sostible dos sectores comercial e artesán, así como impulsar as pemes e os autónomos do sector têxtil a través de novos programas específicos incluídos na orde deste ano.

A finalidade destas achegas, dotadas con 1,2 millóns de euros, é avanzar cara a un novo modelo de negocio máis responsable e que incorpore a sostibilidade como unha vantaxe competitiva en todos os produtos, servizos e procesos. Deste xeito, búscase mellorar a protección ambiental e a eficiencia e optimización do uso de envases e embalaxes, fomentando o emprego de materiais con menor impacto e a eliminación de plásticos.

Concretamente, as axudas articúlanse arredor de tres piares que dan fundamento ao comercio circular: o fomento das estratexias de reciclaxe e tratamento de residuos por parte do sector comercial, o pulo e apoio aos procesos de venda que xiren arredor da Estratexia de economía circular de Galicia e a concienciación do sector comercial da importancia da sustentabilidade nos seus proxectos empresariais.

Como principal novidade, este ano introdúcese tamén os programas Avanza Têxtil e Re-circular para dar entrada na convocatoria ás pemes e aos autónomos do sector têxtil con marca propia e promover así o emprego de materias primas e de tecidos sostibles na súa produción.

Esta medida non só repercute na competitividade e sustentabilidade do sector comercial e têxtil, senón que tamén contribúe a concienciar a cidadanía sobre o uso eficiente dos recursos e o emprego de materiais naturais e con baixa pegada de carbono.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Actuacións subvencionables**

A convocatoria está dirixida a comerciantes retallistas con tenda física e obradoiros artesanís; asociacións de comerciantes, así como pemes e persoas autónomas do sector téxtil, dedicadas ao deseño, produción e venda de prendas de vestir, calzado e complementos.

No caso de comerciantes e obradoiros, a orde de axudas recolle o programa Eco-Pack, orientado á redución das cantidades de embalaxe mediante a adaptación do seu tamaño e forma ás dimensións e ao formato dos produtos, priorizando o uso de materiais reciclados e reutilizables. En concreto, considéranse subvencionables, entre outras accións, caixas e sobres de cartón 100 % reciclado, papel vexetal, recheos para embalaxe, así como bolsas de tea de algodón, liño ou cânabo 100 %. As bolsas tamén son subvencionables para as asociacións de comerciantes.

No que respecta ao sector téxtil, a convocatoria conta cos dous programas innovadores xa mencionados. Por unha banda, o programa Avanza Téxtil, orientado ao impulso dos/das pequenos/as produtores/as do sector con marca comercial propia. Inclúe accións como a participación en cursos de formación ou obradoiros de confección téxtil, a adquisición de maquinaria de destrución de téxtil para a súa posterior reutilización, a adquisición de maquinaria e ferramentas de corte e confección ou a organización e participación en tendas efémeras como *pop-up* e *showrooms*.

Por outra banda, sitúase o programa Re-circular, que recolle accións que promoven o uso de materias primas e tecidos sustentables na produción co fin de reducir os residuos xerados e favorecer a súa reutilización e reciclaxe. Entre eles están a adquisición de materias primas e/ou tecidos téxtiles sostibles (fibras 100 % de orixe vexetal ou animal, fibras recicladas ou fibras semisintéticas como *lyocell*, viscosa sostible e cupro) e de accesorios ou fornitureas de orixe 100 % reciclado ou 100 % de composición orgánica.

### **Detalles da nova convocatoria**

O período subvencionable abrangue do 1 de xaneiro ao 8 de novembro de 2024 e as axudas outórganse en réxime de concorrencia non competitiva. Os apoios do programa Eco-Pack, destinados á adquisición de solucións sustentables de envasado e empaquetado realizadas con materiais cen por cen naturalmente biodegradables ou ecolóxicos poden chegar aos 4.500 euros no caso dos comerciantes retallistas e de obradoiros artesanís, en función do número de traballadores.

No caso das asociacións de comerciantes, as axudas son do 90 % do investimento subvencionable e poden acadar os 13.300 euros dependendo do número de comercios asociados. No caso dos programas Avanza Téxtil e Re-Circular, os apoios previstos chegarán ao 80 %.

O impulso ao comercio de proximidade é un dos eixos da actuación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, apostando pola transformación dixital e sustentable dun sector clave para a creación de riqueza e emprego en Galicia. Na pasada edición

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desta convocatoria concedéronse 576 axudas, das cales 532 corresponderon a comerciantes, 13 a obradoiros artesanís e 31 a asociacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA LANZA O PRIMEIRO PORTAL ESTATÍSTICO DE GALICIA CENTRADO NA ECONOMÍA SOCIAL CO OBXECTIVO DE SEGUIR IMPULSANDO A VISIBILIDADE E O CRECEMENTO DESTA SECTOR

- O Consello analizou hoxe o convenio asinado coa Universidade de Santiago de Compostela para a creación dunha ferramenta web que proporcionará información continua e actualizada sobre os produtores de mercado da economía social en Galicia
- Deste portal, denominado Galestat e que estará dispoñible este mesmo ano, poderán beneficiarse as administracións públicas, as empresas, o persoal investigador e o resto da sociedade, facilitando a avaliación das achegas dos actores deste sector ao territorio
- Esta colaboración inclúe a compilación de datos de todas as familias da economía social, entre elas as cooperativas e sociedades laborais, por ámbito xeográfico e períodos temporais, e o deseño e a posta en marcha da web coas estatísticas
- Con esta iniciativa, o Goberno galego busca dar un novo pulo a un sector que representa máis do 7 % do PIB galego

O Consello da Xunta analizou hoxe o convenio asinado entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Universidade de Santiago de Compostela para a creación, a través do Centro de Estudos Cooperativos (Cecoop), do primeiro portal estatístico de Galicia que proporcionará información continua e actualizada sobre os produtores de mercado da economía social na comunidade autónoma.

Esta ferramenta, denominada Galestat e que estará dispoñible este mesmo ano, tamén permitirá avaliar as contribucións da economía social á consecución dos grandes obxectivos sociais e económicos pois con ela poderanse elaborar análises comparativas intertemporais, interrexionais e internacionais sobre as empresas e entidades da economía social. Dela poderán beneficiarse as administracións públicas, as empresas, as entidades de economía social, o persoal investigador e o resto da sociedade, para o que se lanzará unha páxina web con todas as estatísticas recompiladas.

Deste xeito, o Goberno galego busca dar un pulo á visibilización da economía social, que representa máis do 7 % do PIB galego, como motor de crecemento económico sustentable, que resistiu nas últimas crises e na pandemia, que crea emprego de calidade e que contribúe a fixar poboación no territorio. Neste sector encádrase o cooperativismo, que destaca por facturar o ano pasado en Galicia case 3.000 millóns de euros, representando un 4,5% do PIB galego. Ademais, 21 cooperativas galegas están entre as 600 máis relevantes do Estado.

#### **A creación de Galestat**

Para a posta en marcha, desenvolvemento e metodoloxía de Galestat mantense unha colaboración permanente con outros portais estatísticos como o Ciriec-España, Ciriecstat e o valenciano Valestat. Neste sentido, a colaboración entre a Xunta e a USC

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para lanzar este portal inclúe a elaboración de táboas iniciais, unha delas con datos como o número de entidades relacionadas coa economía social, tipoloxías e cifra de traballadoras e traballadores, entre outros.

Tamén se deseñarán táboas con información relacionada coa localización das entidades, entre elas cooperativas e sociedades laborais, desagregando a información por ámbito xeográfico. Ademais, crearase unha epígrafe con datos destas entidades por períodos temporais.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración destina a esta acción 10.000 euros e forma parte da comisión de seguimento mixta creada ao abeiro da colaboración coa USC, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2024.

Trátase dunha actuación que concorda coa Estratexia galega de economía social–Horizonte 2027, desenvolvida pola Administración galega para unha maior visibilización do sector con accións de innovación, entre outros fins. Este ámbito é un dos principais eixos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración cun orzamento neste ano de máis de 43,6 millóns de euros, un 3 % máis que no exercicio anterior.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINOU MÁIS DE 9 M€ NA ÚLTIMA DÉCADA ÁS AXUDAS PARA O FOMENTO DA APICULTURA, QUE SE DUPLICOU EN NÚMERO DE COLMEAS E EXPLOTACIÓNS

- Este apoio público está tendo uns efectos moi favorables na actividade apícola, que cada ano incrementa o número de explotacións e de colmeas beneficiarias, chegando na actualidade a máis de 2.200 e 200.000, respectivamente
- A última convocatoria destas achegas, correspondente a 2024, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) en xaneiro cun orzamento de preto de 1,5 millóns de euros
- A resolución desta convocatoria, que se publicará no DOG este venres, beneficia 2.200 explotacións

A Xunta destinou máis de nove millóns de euros ás axudas para a apicultura galega nos últimos dez anos. Así se recolle nun informe da Consellería do Medio Rural do que tomou razón hoxe o Consello do Goberno autonómico e que confirma tamén que ese apoio público está tendo uns efectos moi favorables na actividade apícola, que cada ano incrementa o número de explotacións e de colmeas beneficiarias. Así, tal como se destaca no documento, Galicia pasou de menos de 100.000 colmeas subvencionadas en 2015 a preto de 200.000 na actualidade, e o número de explotacións subvencionadas tamén se duplicou, pasando de pouco máis de mil a 2.200 hoxe en día.

Os principais obxectivos destas axudas son o mantemento e o fomento desta actividade en Galicia, polos moitos beneficios que as abellas achegan dende o punto de vista ambiental e económico. O informe constata que esta finalidade se está cumprindo, consonte a esa evolución favorable do número de colmeas e de explotacións nos últimos anos, que converten a Galicia nunha das principais comunidades autónomas do sector.

#### **Convocatoria de 2024**

A última convocatoria destas achegas, correspondente a 2024, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o pasado 8 de xaneiro e tivo un orzamento de preto de 1,5 millóns de euros. A resolución das axudas sairá publicada no DOG este venres e beneficiará 2.200 explotacións.

Entre as novidades desta convocatoria está a priorización da loita contra a avespá velutina, que pasou a ocupar o primeiro lugar na prioridade de repartición dos fondos entre as distintas accións. Ademais, estas axudas invístense tradicionalmente en persoal especializado, nos tratamentos contra o ácaro da varroase ou na alimentación.

En concreto, a maior porcentaxe neste 2024 correspondeu á liña de alimentación e outras accións para revitalizar colmeas, con preto do 45% do total das axudas. A continuación, o 32,5% do importe foi para a loita contra a varroase, arredor do 15% destinouse á contratación de persoal e o 7,7% foi para a loita contra a velutina.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Importancia da apicultura**

A Xunta de Galicia vén convocando axudas anuais á apicultura dende hai máis de vinte anos, co obxectivo de mellorar as condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas. Cómpre ter en conta a importancia da apicultura, tanto na conservación da biodiversidade e dos hábitats, como na sustentabilidade da economía.

De feito, a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) estima que dos 100 cultivos que proporcionan o 90% da alimentación mundial, 71 deles dependen da polinización das abellas. Ademais, a produción de certas froitas, sementes e froitos secos podería decrecer en máis do 90% sen a presenza destes insectos. No caso de Galicia hai que lembrar o enorme efecto da actividade das abellas sobre as producións dos cultivos de polinización entomófila, como a maceira, a cerdeira ou o tomate.

Así mesmo, a Comisión Europea estima que as abellas contribúen anualmente con 22.000 millóns de euros á agricultura europea. Finalmente, cómpre resaltar as bondades dos produtos derivados da colmea, cada vez máis coñecidos e demandados polos consumidores (mel, pole, propóleos, cera, apitoxina, xelea real etc.).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA REFORZA A CONTRATACIÓN NESTE VERÁN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL NOS CONCELLOS MÁIS TURÍSTICOS

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que se destinan “145.000 euros” á contratación de profesionais “en once municipios” da comunidade
- O obxectivo é reforzar a seguridade nos concellos “nos que se multiplica a poboación” durante o periodo estival
- O Goberno autonómico leva investido máis de 1 M€ nestes apoios desde 2012

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que a Xunta destina este verán 145.000 euros “a impulsar a contratación de auxiliares de policía locais en 11 concellos turísticos” da comunidade. O obxectivo é “reforzar a seguridade” naqueles municipios “nos que se multiplica a poboación durante o verán”.

A través do *Plan específico de subvencións para a contratación de auxiliares de policía local*, a Xunta subvenciona as contratacións que realicen os concellos entre o 1 de xuño e o 30 de setembro deste 2024.

Consonte os criterios de selección, 11 concellos recibirán as axudas á contratación de auxiliares de policía local este ano: Sanxenxo, O Grove, Baiona, A Guarda, Poio, Cangas, Cambados e Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra; así como os concellos coruñeses de Miño e A Pobra do Caramiñal, e o lucense de Monforte de Lemos.

Tal e como explicou Calvo, os concellos poderán recibir entre 8.000 € e 21.500 € para “sufragar parte dos gastos de contratación” deste auxiliares de policía local. A contía calcúlase tendo en conta a porcentaxe que representan as prazas hoteleiras en cada concello respecto da súa poboación total.

Deste xeito, nos municipios nos que as prazas de aloxamento supoñan máis do 75 % sobre o total de habitantes reciben axudas por importe de 21.500 euros, como é o caso de Sanxenxo e O Grove. No concello de Baiona, onde as prazas de aloxamento representan máis do 40 %, a contía máxima é de 18.500 euros, mentres que nos municipios que como A Guarda, Miño e Poio, a porcentaxe supera o 20 %, a subvención é dun máximo de 12.500 euros. Cangas, A Pobra do Caramiñal e Cambados recibirán 10.000 euros en cada caso, debido a que as prazas de aloxamento en comparación coa poboación é superior ao 15 %, e no caso de Vilagarcía de Arousa e Monforte de Lemos, a subvención será de 8.000 euros debido a que representa menos do 15 %.

#### **Outros criterios de selección**

Entre os criterios de selección, ademais de contar con máis de 5.000 habitantes e cun mínimo de 1.000 prazas de aloxamento, exíxese contar coa declaración como municipios turísticos galegos, cun corpo de policía local e participar no proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de policía local, convocado pola Orde do 12 de febreiro de 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Alternativamente requírese ter convocados procesos selectivos para a cobertura de postos de auxiliares de policía local durante este ano, e ter remitidas as bases da dita convocatoria á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para os efectos da emisión de ditame.

Desde a posta en marcha do plan, en 2012, o Goberno galego leva investidos máis de 1,1 millóns de euros no financiamento da contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán nos concellos turísticos da comunidade. Nesta liña, cómpre salientar que o orzamento deste exercicio é dos máis elevado dos 11 anos de aplicación, só igualado ás convocatorias de 2023 e 2021.

A Xunta colabora desta forma cos concellos máis turísticos de Galicia co obxectivo de reforzar a eficacia dos seus corpos policiais. A medida enmárcase ademais no compromiso para facilitarlles ás administracións locais a prestación de servizos a prol da seguridade de veciñanza e visitantes.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O NOVO PLAN DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN 2025-2027 APROBARASE ESTE ANO PARA POTENCIAR GALICIA COMO TERRITORIO REFERENTE EN I+D+i

- A Consellería de Ciencia informa o Consello da Xunta do inicio dos traballos de elaboración coa participación de centros tecnolóxicos, investigadores e empresas
- Galicia ten experimentado un grande avance nos últimos anos neste eido, con 751 millóns de euros de investimento e 12.350 persoas traballando
- O Consello aproba modificar a composición da Comisión Interdepartamental de I+D+i, á cal se incorporan oito novos departamentos ata un total de 32

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional informou hoxe o Consello da Xunta do inicio do proceso de elaboración do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027. Este instrumento concretará as iniciativas e apoios á I+D+i que a Xunta desenvolverá nos vindeiros anos para avanzar neste eido e potenciar Galicia como territorio referente. Así mesmo, aprobou modificar a composición da Comisión Interdepartamental de I+D+i, encargada de planificar e coordinar as actuacións e fondos da Comunidade nesta materia para ampliar o seu alcance e adaptala aos cambios nas estruturas orgánicas das consellerías e ampliar o seu alcance.

O novo plan incidirá, en grandes liñas, nunha maior eficiencia e impacto das políticas públicas de I+D+i no desenvolvemento económico e social da nosa Comunidade, no impulso da colaboración público-privada, nunha Administración máis eficiente e eficaz na prestación dos servizos públicos e con maior capacidade de resposta ante os retos actuais da sociedade e na planificación como sinal de identidade da política de I+D+i.

O proceso de elaboración do anteproxecto do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 arranca neste mes de xullo coa avaliación final da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027, contando coa participación dos membros deste sector. Posteriormente, definirase o enfoque estratéxico do plan, a través dunha reflexión interna e externa e da súa validación cun grupo de expertos e coa Comisión Interdepartamental. Finalmente, procederase á redacción do anteproxecto do plan e á súa aprobación polo Consello Reitor da Axencia Galega de Innovación e polo Consello da Xunta de Galicia.

#### **Crecemento por riba da media estatal**

En Galicia realizouse un grande avance nos últimos anos en materia de I+D+i que se reflicte, a nivel cuantitativo, nun investimento récord na nosa Comunidade, con 751 millóns de euros, e o maior número de persoas traballando neste ámbito da nosa historia. Un investimento que se reflicta nos logros acadados, consecuencia do esforzo conxunto do sector público e o sector privado.

Ademais, no día de hoxe Galicia conta co maior número de persoas traballando: con 12.350 persoas, segundo datos da estatística do INE de gasto e persoal en I+D relativos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a 2022. De feito, o persoal de I+D aumentou en Galicia entre o 2009 e o 2022 nun 43 %, dez puntos máis que no conxunto do Estado.

O Plan galego de investigación e innovación responde a un mandato legal establecido na Lei, de fomento da investigación e da innovación de Galicia e coordínase con outro instrumento, a actual Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), que establece os retos e prioridades da política de I+D+i da Xunta de Galicia para o período 2021-2027. O obxecto do plan é o establecemento de obxectivos xerais e particulares no eido da investigación, a transferencia, a valorización e a innovación en Galicia, a coordinación dos axentes do ecosistema de I+D+i e dos recursos dispoñibles; a coordinación da Comunidade Autónoma nos plans e programas nacionais e internacionais, o fomento da innovación e da súa xestión e a medición e avaliación dos resultados acadados en relación cos obxectivos propostos.

### **Máis membros na Comisión de I+D+i**

Pola súa banda, a nova composición da Comisión Interdepartamental de I+D+i inclúe a participación de oito departamentos máis, chegando aos 32, e tendo representación de todas as consellerías de Xunta de Galicia. Creada no ano 2020 por acordo do Consello da Xunta, ten encomendado o obxectivo de integrar e complementar a visión e perspectivas estratéxicas dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia con actuacións no ámbito da I+D+i.

Entre as tarefas realizadas por este órgano, cómpre destacar a elaboración do Decreto que regula a carreira investigadora, convertendo a Galicia na primeira Comunidade en España en regular a carreira profesional de todo o persoal de investigación dependente da Xunta e dos seus organismos; o deseño da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, a elaboración do mapa anual conxunto de apoios á I+D+i da Xunta de Galicia, a creación do portal colaborativo do ecosistema Innovarede ou a definición e concreción das nove propostas de Compra Pública de Innovación que optan a financiamento europeo a través da liña FID do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades.

Como próximas actuacións, entre outras, compételle participar na definición do novo Plan galego de investigación e innovación 2025-2027 ou na elaboración da próxima lei de ciencia e innovación de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O IMPORTE ADXUDICADO DOS FONDOS DO MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA POLA XUNTA SUPERA OS 1.000 M€, CASE O 90 % DO PUBLICADO

- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes salienta que ademais Galicia “é a comunidade con maior taxa de resolución” dos fondos europeos, segundo datos do Ministerio de Economía
- Subliña que “máis de 53.000 persoas e máis de 5.000 entidades” se beneficiaron xa desta financiación na comunidade

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou esta mañá de que a Xunta xa adxudicou 1.027 millóns de euros do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, case o 90% do importe publicado en convocatorias e licitacións.

Ademais, a boa execución en Galicia tamén a confirma os datos do Ministerio de Economía, que indican, segundo sinalou Calvo, “Galicia é a comunidade con maior taxa de resolución dos fondos MRR: un 78,8%” (22,2 puntos máis que a media das CC.AA. e 20,2 puntos máis que a AXE).

Segundo o informe analizado hoxe na reunión do Consello, na actualidade, a suma dos recursos do MRR asignados polo Goberno central á Administración galega ascenden a 1.545 M€, o 5,8 % do distribuído entre as comunidades autónomas, o que supón menos recursos dos que corresponderían á Comunidade por PIB per cápita. Desá cantidade, a Xunta ten ingresados 1.453 M€. Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026.

Na práctica, tal e como explicou o conselleiro, a Xunta está dando apoios “amáis de 53.000 persoas e 5.000 empresas ou entidades locais” a través destes fondos. As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia relacionadas coa mobilidade sostible, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

Pola súa banda, a dotación dos PERTE, cos que se financian os proxectos transformadores público-privados, dos máis de 41.000 M€ anunciados e de xestión exclusiva do Goberno central, só se publicaron 20.593 M€, é dicir, o 50 %. A contía das resolucións ascende a 12.136 M€, o 59 % do publicado, destinándose só un 5,5 % a proxectos en Galicia (675 M€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PUBLICOU XA DÚAS CONVOCATORIAS DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA POR VALOR DE 12 MILLÓNS DE EUROS

- Trátase de proxectos relacionados coa descarbonización e renovación de empresas industriais e coa creación de centros dixitais
- No que queda de ano, o Goberno galego mobilizará o 60 % dos recursos do programa na provincia da Coruña

A Xunta de Galicia publicou xa dúas convocatorias do Fondo de Transición Xusta (FTX) por máis de 12 millóns de euros, relacionadas con proxectos de descarbonización e renovación de empresas industriais e coa creación de centros dixitais. Só outra comunidade autónoma, Asturias, ten publicada unha convocatoria deste tipo.

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe sobre a implementación do Programa do Fondo de Transición Xusta 2021-2027, que convoca axudas para proxectos que promovan un impacto económico e social positivo nas zonas afectadas pola denominada transición climática. No caso de Galicia, estas zonas correspóndense coa provincia da Coruña, en concreto coas centrais de Meirama e das Pontes, prestando apoio aos territorios e aos traballadores afectados e promovendo unha transición socioeconómica equilibrada.

O Goberno galego está a xestionar 111 millóns de euros do programa destinados á provincia da Coruña, o 12,8 % do total deste programa estatal. O período de elixibilidade destes recursos remata en decembro de 2029. A pesar de que o programa se aprobou en decembro de 2022, a súa implementación está a presentar retrasos, entre outras razóns porque os criterios para o financiamento a grandes empresas no ámbito do programa non se acordaron entre a autoridade de xestión do programa coa Comisión Europea ata setembro de 2023.

#### **Convocatoria de axudas no segundo semestre**

A pesar diso, Galicia convocará, durante este segundo semestre de 2024, axudas para proxectos de enerxía renovable e almacenamento enerxético, tratamento de residuos orgánicos para a xeración de gases renovables e proxectos de hidróxeno verde e de innovación tecnolóxica en enerxías mariñas. Ademais, convocarase un instrumento financeiro combinado con subvencións para o apoio a proxectos empresariais, dando prioridade ás zonas de transición xusta. E, por último, iniciarase o proxecto de fomento da inserción laboral orientado ás persoas afectadas por estes procesos.

Con isto estará mobilizado case o 60 % dos recursos programados, cumprindo as exigencias regulamentarias de execución e situando a provincia da Coruña nunha mellor situación que o resto das provincia elixibles polo Fondo de Transición Xusta.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUMENTA A CAPACIDADE DE RESOLUCIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA, ASÍ COMO O CONFORT DE PACIENTES E PROFESIONAIS**

- No ano 2023, o Goberno galego xestionou 37,8 M€ dentro do Marco estratéxico de atención primaria para fortalecer o primeiro nivel asistencial, mellorando as infraestruturas e ampliando o equipamento clínico
- Entre as melloras levadas a cabo destaca a renovación de 26 salas de raios e a creación doutras tres novas, así como a adquisición dunha unidade móbil
- Tamén se adquiriron máis de 500 unidades de medidores de constantes vitais que integran os datos na historia clínica electrónica do paciente
- Sanidade está a traballar na xestión dos fondos do presente ano, que acadan un importe de 11 M€
- Os novos fondos destinaranse a equipamento habitual como tensiométros dixitais, horders e oto-oftalmoscopios, e outro máis innovador, como tonómetros, dermatoscopios e aparellos de diatermia para fisioterapia
- A Xunta ten previsto realizar obras en distintos centros de primaria, poñendo o foco no correcto illamento e na climatización
- O Goberno galego seguirá a traballar na abordaxe da cronicidade, investindo de novo na adquisición de sensores de glicosa para facilitar o día a día dos pacientes diabéticos

O Consello da Xunta abordou hoxe, na súa reunión semanal, un informe da Consellería de Sanidade referido á execución dos fondos do Marco estratéxico de atención primaria no 2023 e a previsión dos asignados no presente ano.

Tal e como se recolle no informe, no pasado ano a Comunidade galega xestionou 37,8 millóns de euros dentro do Marco estratéxico de atención primaria. Estes fondos articúlanse por medio de dous plans, o de mellora de infraestruturas para o primeiro nivel asistencial, dotado con 26,5 M€, e o de acción de atención primaria, cun investimento de 11,2 M€.

O obxectivo do departamento sanitario galego na xestión destes fondos é fortalecer o primeiro nivel asistencial, mellorando substancialmente o confort de pacientes e profesionais e incrementando notablemente a capacidade resolutiva da atención primaria.

Entre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia está o equipamento clínico, coa adquisición da aparelaxe máis moderna: ecógrafos, retinógrafos, desfibriladores, bisturís eléctricos, horders, MESI etc. Ademais, moitos deles son portátiles, coa posibilidade de que o persoal sanitario o leve ao domicilio no caso dos pacientes máis vulnerables, evitando desprazamentos innecesarios e achegado unha atención de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén é destacable a adquisición de 513 medidores de constantes vitais, que posibilitan a realización de distintas probas como é o caso de espirometrías ou índice nocello-brazo, e que, ademais, integran os datos na historia clínica electrónica do paciente.

Xunto ao anterior, o Goberno galego realizou numerosas obras para a mellora dos espazos dos centros de primaria, con especial atención en materia de accesibilidade e de eficiencia enerxética. Así mesmo, adquiríronse unha cantidade importante de sensores de glicosa, dos que se están a beneficiar un número considerable de pacientes con diabetes.

Así mesmo, o departamento sanitario galego levou a cabo un proxecto de mellora das unidades de fisioterapia, adquirindo 170 padiolas específicas para esta atención. Tamén se adquiriron novas padiolas máis ergonómicas para as consultas (2.297 unidades), para transporte de pacientes (586 unidades) e para as consultas de matronas (170 unidades).

Ademais renováronse 27 salas de radioloxía en toda Galicia e creáronse tres novas en Rianxo, Pontedeume e Ortigueira, xunto coa adquisición dunha unidade móbil de raios, cun investimento total de tres millóns de euros.

Para executar todos estes proxectos, pertencentes ao 2023, a Consellería de Sanidade dispón ata o 31 de decembro de 2024 no caso de equipamento e mobiliario, e ata o 31 de decembro de 2025 para acabar as numerosas obras que se están a levar a cabo.

### **Destino dos fondos de 2024**

Na actualidade, a Xunta está a traballar na xestión dos fondos deste ano, que teñen unha contía de algo máis de 11 millóns de euros. Sobre a base dos criterios establecidos e as necesidades detectadas, unha vez realizadas consultas ás sete áreas sanitarias, o Goberno galego está a enfocar os proxectos a cumprimentar necesidades de equipamento de uso moi habitual, como son os tensiómetros dixitais, os oto-oftalmoscopios, os helters para o seguimento de doentes hipertensos e cardiópatas, e neveiras específicas para vacinas con control de temperatura mediante dobre termostato dixital, das que se adquirirán 509 unidades, sendo 474 delas de gran capacidade.

Outra parte dos fondos de 2024 irá para equipamento máis innovador, que posibilitará abrir novas vías de actuación en primaria, como son os tonómetros para medir a presión intraocular, permitindo a detección de doentes que deben derivarse a oftalmoloxía; os dermatoscopios que son dispositivos médicos utilizados para examinar lesións cutáneas, lunares e outras características da pel; e aparellos de diatermia para fisioterapia, cun alto nivel de eficacia no tratamento de patoloxías músculo esqueléticas.

O Executivo galego tamén ten previsto levar a cabo obras en distintos centros, poñendo o foco no seu correcto illamento e na climatización.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, a Consellería de Sanidade seguirá a traballar na abordaxe da cronicidade, investindo novamente parte dos fondos na adquisición de sensores de glicosa, diminuindo así o número de puncións diarias do doente diabético.

Cómpre remarcar, por último, que aínda que xestión destes fondos non é doada, polo seu volume, polos prazos axustados que se manexan, polo número de proxectos diferentes e pola cantidade de axentes implicados, o resultado final foi un éxito, xa que se levaron a cabo todos proxectos os formulados inicialmente e comprometéronse a práctica totalidade dos fondos asignados a Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA IMPULSA NOVAS ACCIÓNS NO MARCO DO PROXECTO NÓS PARA A INTERACCIÓN EN GALEGO NO EIDO DIXITAL

- O Consello avalía un informe que recolle os resultados desta iniciativa encamiñada a xerar recursos para a incorporación da lingua ás plataformas tecnolóxicas
- Nas vindeiras semanas poranse en marcha dous pilotos que mellorarán as ferramentas informáticas da Administración autonómica no emprego do idioma
- Ademais, o público pode probar xa na web, de maneira libre, tres demostradores: un sistema de recoñecemento da fala, outro de conversión de texto en voz e un tradutor
- Recolléronse máis de dez corpus, é dicir, datos lingüísticos, de voz e textos e creouse un prototipo de xerador automático de descrições textuais
- O desenvolvemento deste proxecto partiu no 2021 cun convenio de colaboración do Goberno galego coa Universidade de Santiago de Compostela, ao cal se incorporou no 2023 a Universidade de Vigo

O Proxecto Nós, impulsado desde a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, dá novos pasos no seu obxectivo de xerar recursos para que o galego prospere na era dixital. Será a propia Administración autonómica a que en breve aplique no seu sistema informático as ferramentas desenvolvidas ata o de agora ao seu abeiro. Así se deu conta na reunión do Consello en que se avaliou un informe cos resultados das accións levadas a cabo no marco desta iniciativa no período 2021-2023.

Neste senso, co obxectivo de fomentar o emprego da lingua galega nas plataformas tecnolóxicas, a Xunta porá en marcha dous proxectos piloto. Un ten que ver con melloras no tradutor Gaio e outro coa integración dunha voz feminina que posibilite a escoita en galego de todo o contido da web institucional.

Estes novos retos son a continuación dos avances producidos desde que en 2021 se comezase a traballar na creación dos medios necesarios para interactuar en galego cos dispositivos tecnolóxicos. Así, cóntase neste momento con máis de dez corpus de voz e de textos (recompilación e almacenamento de datos representativos da lingua) e cun prototipo de probas para crear un xerador automático de descrições textuais.

Ademais, no [portal](#) do proxecto xa se pode experimentar de maneira libre con tres aplicacións baseadas en redes neuronais artificiais desenvolvidas en fase de demostración: un sistema de recoñecemento da fala, outro que permite a conversión de texto en voz e o primeiro tradutor neuronal feito en Galicia.

#### **Recollida de datos**

Para poder avanzar na xeración de recursos, o traballo esencial reside na busca, na recompilación e no almacenamento de datos en galego, incluíndo tanto os de texto como os de voz. Neste senso, é fundamental a colaboración coas entidades que dispoñen deste tipo



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de información como poden ser organismos públicos, institucións culturais, editoriais ou medios de comunicación.

Así, durante o proceso foron contactadas máis de 40 entidades e a Universidade de Santiago de Compostela asinou máis de 20 acordos de colaboración, do eido público e privado, para a cesión de datos.

Cómpre lembrar que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten en marcha a campaña [Doa a túa voz](#) aberta a toda a cidadanía que queira colaborar coa iniciativa en prol da lingua. Trátase de contar cun banco de voces en galego que inclúa persoas de distintas idades, xénero e variantes dialectais.

### **Comezos e retos de futuro**

O Proxecto Nós iniciou o seu camiño no 2021 co primeiro convenio asinado para a elaboración do plan de traballo entre a Xunta de Galicia, que destinou 60.000 € a este cometido, a Universidade de Santiago de Compostela e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dependente do Goberno galego.

Despois dun segundo acordo, asinado en 2022 cunha achega da Xunta de 500.000 € para o desenvolvemento da iniciativa, o proxecto recibiu a través da Universidade 2 M€ do PERTE Nova Economía da Lingua para o período 2023-2024. Xa no 2023 incorporouse ao equipo a Universidade de Vigo.

Neste contexto, o Parlamento de Galicia aprobou na sesión plenaria do pasado 10 de xullo que a Xunta se dirixa ao Goberno central para completar a parte da dotación incluída no marco do PERTE, co fin de achegar a totalidade dos 15 M€ comprometidos.

No horizonte está continuar un traballo que desemboque na creación dun ecosistema galego innovador ao redor das tecnoloxías da linguaxe, distribuír as ferramentas baixo licenzas libres e facilitar que empresas e institucións desenvolvan casos de uso. Para iso, a folla de ruta inclúe a posta en marcha de sistemas que impliquen a corrección e avaliación lingüística automática, o resumo de conxuntos de documentos ou a clasificación de información segundo o seu contido, entre outros.

A esta liña de actuación a prol da inclusión da lingua galega no mundo dixital súmanse outras accións impulsadas ou apoiadas polo Goberno autonómico como son a opción de configurar en galego tanto a aplicación musical Spotify como as calculadoras científicas ClassWiz de Casio, así como os acordos con plataformas audiovisuais como Netflix ou Amazon Prime para incluír títulos dobrados ou subtítulados nas linguas cooficiais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PLAN DE ARQUIVOS DA XUNTA DE GALICIA EXECUTOU MÁIS DE 100 MEDIDAS NOS SEUS DOUS PRIMEIROS ANOS

- O Consello da Xunta de Galicia avalía o grao de execución desta iniciativa posta en marcha no ano 2022 para mellorar a xestión da información arquivada polo Goberno galego
- O documento, estruturado en tres liñas estratéxicas, impulsou a realización de máis dun cento de reunións con axentes externos e a creación de oito grupos de traballo
- Entre os principais avances figura a redacción dun borrador de decreto, o impulso a accións formativas, o incremento de recursos ou a implantación dunha nova ferramenta de xestión

A Xunta de Galicia, no seu obxectivo de modernizar e optimizar a xestión do servizo de arquivos, executou xa máis de 100 medidas incluídas no Plan de arquivos 2022-2026. Trátase da folla de ruta posta en marcha polo Goberno galego para mellorar a xestión da información arquivada pola Administración autonómica e cuxo grao de cumprimento foi avaliado polo Consello da Xunta no ecuador da súa execución.

Este plan con horizonte do ano 2026 está estruturado en tres liñas estratéxicas e 60 accións. Así, o plan conta cunha primeira liña na cal se ordenan os recursos coa intención de reforzar os medios materiais e persoais. Neste punto, levouse xa a cabo unha análise das necesidades de persoal nos arquivos e impulsou a celebración de dous procesos selectivos que permitiron ampliar os recursos destes centros. Dentro deste mesmo eixo tamén se organizaron oito accións formativas dirixidas tanto ao persoal arquivado como ao persoal de xestión.

No relativo aos recursos materiais, cómpre destacar que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude incrementou un 7 % o orzamento destinado á mellora dos espazos e instalacións dos arquivos mediante a compra de mobiliario e maquinaria e a realización de actuacións de mantemento.

#### **Optimizar a xestión**

A segunda liña estratéxica deste plan céntrase na xestión dos arquivos, con tres obxectivos principais: optimizar a organización, mellorar a xestión documental e simplificar, dixitalizar e automatizar procesos. No caso da organización, ao abeiro deste plan, xa se redactou un borrador de decreto destinado a regular determinadas cuestións de xestión documental e funcionamento e elaborouse unha guía de xestión documental para a consellería competente en materia de educación.

Dentro das medidas destinadas a potenciar a xestión documental, entre os avances xa rexistrados figura o Consello de Avaliación Documental, que suma máis de 125 estudos aprobados. Ademais, tamén se realizou un forte impulso á dixitalización de documentos cun investimento dun millón de euros nos dous últimos anos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co fin de contar coa información precisa tamén se está actualizando anualmente o Censo de arquivos e patrimonio documental público e privado de Galicia, que actualmente conta con 379 centros inscritos.

O último punto desta liña estratéxica, centrado na simplificación, dixitalización e automatización de procesos, conta xa con medidas executadas como a implantación dunha nova ferramenta de xestión, ARQA, que promove a interoperabilidade con todos os sistemas de xestión. Trátase dunha medida operativa xa no Arquivo de Galicia, no Arquivo Territorial de Pontevedra e nos centros de 53 concellos galegos a través dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias.

### **Potenciar a difusión**

Finalmente, entre as medidas executadas na terceira liña, dirixida a potenciar a difusión do material documental, destacan a dixitalización especializada de máis dun millón de imaxes de fondos como o Catastro do Marqués de Ensenada; Memoria e Concordia; Catastro de rústica e urbana ou fichas de patrimonio cultural e fondos fotográficos.

Así mesmo, desde a posta en marcha do plan, potenciouse o repositorio de Galiciana Arquivo Dixital de Galicia incrementando as imaxes dixitalizadas nun 30 % e a programación anual de exposicións nos arquivos xestionados pola consellería que contan, só neste ano, cunha ducia de exposicións.

### **Plan participativo**

Todas estas medidas aplícanse nos centros xestionados pola Xunta, un total de 23, dos cales 12 son arquivos centrais, que corresponden ás distintas consellerías, seis son territoriais dependentes das delegacións, así como os catro arquivos históricos provinciais e o Arquivo de Galicia, situado na Cidade da Cultura.